



# AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

---

**Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na  
Natureza**

**Curso Académico: Curso 2019-2020**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2019-2020
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - Finalizadas Curso 2019-2020
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Mencións/Especialidades	<b>Non ten</b>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	<b>Título exclusivo da USC</b>
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
Centro/s onde se imparte	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	<b>Non</b>
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este informe de seguimento do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza do curso 2019-2020, corresponde ao desenvolvemento do título nun período especial de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19. Esta circunstancia condicionou o desenvolvemento do máster a partir do 14 de marzo, xa na última parte presencial que impediu realizar algunhas actividades programadas tal como estaban previstas e houbo que adaptarse aos procedementos non presenciais e con reunións telemáticas. Esta situación afectou especialmente ao prácticum que debeu desenvolverse sen presencialidade dos estudantes nos centros de prácticas para o que houbo que habilitar unha normativa que desenvolveu un sistema de formación alternativo a distancia das institucións concretas. Esta situación excepcional impactou nas expectativas que tiñan os estudantes co título porque houbo que minorar un conxunto de accións que estaban previstas para os últimos meses do curso. As medidas de adaptación derivadas da emerxencia sanitaria foron feitas conforme a Resolución Reitoral do 13 de Marzo de 2020 da Universidade de Santiago de Compostela.

Nembargante, o desenvolvemento da docencia e das actividades de formación ao aire libre se desenvolveron sen atrancos ata o 14 de marzo no que houbo que suspender a actividade presencial e adaptar o programa docente a situación provocada pola pandemia, reflectindo nas guías docente os cambios que provocou a emerxencia sanitaria. A situación levou ademais a que o profesorado tivera que facer unha urxente formación en tecnoloxías dixitais para atender por vía telemática as titorías e a presentación de traballos, e máis adiante a defensa dos Traballos Fin de Máster.

O máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza superou este curso pasado a avaliación para a renovación da acreditación, recibindo unha cualificación moi satisfactoria: é favorable en todas as dimensións e criterios. E incluso no criterio de resultados da aprendizaxe se indica que “se supera excelentemente”. Os puntos fortes establecidos no informe danlle moito pulo a titulación, especialmente porque recoñecen a súa singularidade, a importancia da interdisciplinariedade, a metodoloxía, a internacionalización e contar coas opinións dos estudantes para a revisión anual do título, conforme ao seguinte cadro.

#### PRINCIPALES PUNTOS FUERTES

- El perfil formativo y profesional del título es único l en el Sistema Universitario de Galicia y otorga visibilidad a esta facultad en el conjunto de España.
- El carácter multidisciplinar del título, la diversidad del profesorado y la diversidad de alumnado que reúne es un aspecto destacable en el título.
- Se valora muy positivamente su conexión con la red internacional EOE (European Institute

- for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning) de enseñanza al aire libre.
- Se valoran los esfuerzos de internacionalización con la Universidad de Cumbria y con los Erasmus plus y otras acciones que se están poniendo en marcha.
  - Los mecanismos de coordinación docente son adecuados y funcionan muy bien. Ejemplo de ello son las actividades y trabajos conjuntos entre materias del mismo módulo.
  - Se valoran positivamente las innovaciones metodológicas que se han realizado en la impartición y evaluación de las distintas materias y módulos.
  - Las salidas de campo y el contacto con la naturaleza durante las rutas se valoran positivamente.
  - El centro dispone un Sistema de Garantía de Calidad proactivo con capacidad para identificar las áreas de mejora.
  - Se considera una buena práctica la realización de un cuestionario abierto a los alumnos para que aporten ideas para mejorar el master, así como las reuniones entre profesorado y estudiantes para aportar ideas.

Porén se apuntan algúns aspectos de obrigado cumprimento que esixirán establecer propostas de mellora, así como algunhas recomendacións que poderían mellorar os procesos.

O informe solicita resolver dous aspectos de obrigado cumprimento:

*Dimensión 1: Xestión do título/Criterio 1: Organización e desenvolvemento*

- a) Revisar o axuste entre as guías docentes dalgúns materias e os contidos e competencias declarados na memoria de verificación. Valorar a posibilidade de actualizar a memoria do título cando se teña que realizar unha modificación substancial.

*Dimensión 1: Xestión do título /Criterio 3: Sistema de garantía de calidade.*

*Dimensión 3: Resultados/Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendimento.*

- b) Achegar datos estatísticos sobre o grao de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Non se achegan datos desde o curso 16-17.

Aos aspectos de obrigado cumprimento, se engaden un conxunto de recomendacións, que a Comisión de título comprometeuse a desenvolver, ou no seu caso solicitar do servizo correspondente da USC que sexan levadas a cabo.

A demanda do máster no curso 2019-2020 foi especialmente intensa. Interesou a un importante número de estudantes fora da comunidade autónoma galega, tanto de outras partes de España como de outros países iberoamericanos e asiáticos. Doce dos vinte e cinco estudantes procedían de fora de Galicia (48%) dos que cinco proviñan de países extracomunitarios (20%). O curso comezou con normalidade, a diversidade da procedencia dos estudantes é indicio da importancia da titulación, e do interese que está suscitando este ámbito do traballo educador. Asemade responde a una das suxestións que propoñía o Informe final de avaliación para a renovación da acreditación, en relación coa captación de titulados máis alá dos títulos de mestre. A táboa amosa que houbo presenza de seis universidades españolas, ademáis da de Santiago, así como titulados en cinco universidades estranxeiras.

Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no <b>Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed) - P3281V02 2019/2020</b>	
<b>Titulación de procedencia</b>	<b>Núm. de estudantes</b>

Grao en Belas Artes pola Universidade de Vigo	1
Grao en Bioloxía pola Universidade de León	1
Grao en Bioloxía pola Universidade de Salamanca	1
Grao en Educación Infantil pola Universidade de Sevilla	1
Grao en Educación Primaria pola Universidade Francisco de Vitoria	1
Grao en Educación Social pola USC	1
Grao en Enxeñaría Informática pola USC	1
Grao en Lingua e Literatura Galegas pola USC	1
Grao en Mestre Educación Primaria pola Universidade de Alicante	1
Grao en Mestre en Educación Infantil pola USC	2
Grao en Mestre en Educación Primaria pola USC	6
Estudos Realizados no Estranxeiro	3
Resolución reitoral de equivalencia	2
Mestre-Especialidade en Educación Física	1
Mestre-Especialidade en Educación Infantil	1
Mestre-Especialidade en LinguaEstranxeira	1
<b>Total 2019/2020</b>	<b>25</b>

**Fonte:** Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2018/19. Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios.

A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados, aumentou este curso dunha maneira notable: é o curso que mais estudantes ten de fora de Galicia desde a súa implantación.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	<b>7,14</b>	<b>5,56</b>	<b>19,35</b>	<b>15,79</b>	<b>4,55</b>	<b>23,53</b>

Desde outubro de 2011 ata setembro de 2020 cursaron o máster 191 estudantes, dos que ata ese momento remataron os seus estudos 162. (84,81%).

Curso	Estudantes de nova matrícula	Estudantes que defenderon o TFM	Estudantes que remataron
2011-2012	29	23	23
2012-2013	28	19	19
2013-2014	15	12	12
2014-2015	-	3	3
2015-2016	28	26	26
2016-2017	27	18	16
2017-2018	24	28	27
2018-2019	15	11	10
2019-2020	25	26	26
<b>TOTAL</b>	<b>191</b>	<b>166</b>	<b>162</b>

. A liña de interese polo máster mantense nun nivel sostible, e a admisión reduciuse a 25 estudantes no curso 2017-2018, conforme se establece na Memoria do título. A evolución da primeira matrícula é normal e foi ascendente, ata o curso de 2018-2019, pero volveuse a recuperar neste curso 2019-20, no que se cubriron todas as prazas.

Estudantes de primeira matrícula								
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	<b>28</b>	<b>15</b>	<b>-</b>	<b>28</b>	<b>27</b>	<b>24</b>	<b>15</b>	<b>25</b>

Lémbrese que o título non se impartiu no curso 2014-2015. No perfil dos estudantes se pasou da hexemonía do título de diplomatura, o 96,4%, no curso 2013-2014 ao curso 2018-19, no que é título de grao é xa o único que se exhibe, aínda que no curso 2019-20, volveron a incorporarse tres estudantes diplomados. O caudal básico dos estudantes segue estando nos títulos de educación, fundamentalmente mestres graduados en Educación Primaria ou Infantil. A nota media de acceso por preinscrición sigue estando por enriba de sete puntos:

Nota media de acceso por preinscrición					
	2015-16	2016-17	2017-18	2018-2019	2019-2020
<b>Total</b>	<b>7,89</b>	<b>7,60</b>	<b>7,56</b>	<b>7,79</b>	<b>7,61</b>

Se cubriron todas as prazas ofertadas, polo que a situación do curso anterior foi puntual. A preinscrición foi alta: 48 aspirantes, o que supón 1,9 aspirantes por praza ofertada. A captación de estudantes estranxeiros obtivo unha porcentaxe nunca antes acadada polo máster (20%). A porcentaxe de estudantes que proviñan doutras comunidades autónomas foi alta 28%. En conxunto os estudantes de fora de Galicia constituiron o 48%. En relación a estudantes que proveñen da USC a porcentaxe é a seguinte:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-2019	2019-2020
<b>Total (%) Estudantes da USC</b>	<b>80,56</b>	<b>54,84</b>	<b>65,79</b>	<b>86,66</b>	<b>61,66</b>

En relación coa titulación de entrada, aínda que segue a ser maioritario o título de mestre, xunto a diversidade da procedencia xeográfica houbo tamén certa variabilidade na titulación de entrada: contouse con graduados en bioloxía, informática, filoloxía galega, belas artes e educación social, así como os titulados en universidades estranxeiras con títulos non sempre equivalentes aos de universidades españolas.

En referencia aos fundamentos pedagóxicos e de oportunidade do título se ratifica o xa expresado en memorias anteriores:

“O aire libre e a educación en contornas naturais está cobrando cada vez máis importancia non so na educación non formal, senón tamén no ámbito escolar. A conveniencia do título está moi xustificada nun contexto de forte crecemento da educación ao aire libre. Cada vez son mais as escolas que fan parte da súa actividade formativa en contornas naturais, e nos derradeiros vinte e cinco anos xurdiu un movemento educativo vigoroso que torna á natureza como un escenario esencial da educación, como amosan os estudos, entre outros, do profesor da Universidade de Edimburgo e asesor da UNESCO, Peter Higgins [[http://www.docs.hss.ed.ac.uk/education/outdoored/higgins\\_why\\_indoors.pdf](http://www.docs.hss.ed.ac.uk/education/outdoored/higgins_why_indoors.pdf)] ou Anders Szczepanski [[http://www.mgu.ac.jp/main/educations/library/publication/pre\\_hattatsu/no10/hatsurin\\_13.pdf](http://www.mgu.ac.jp/main/educations/library/publication/pre_hattatsu/no10/hatsurin_13.pdf)], profesor da Universidade de Linköping (Suecia). Incluso o seu desenvolvemento produciu un intenso debate parlamentario en Escocia o 10 de decembro de 2013, porque varios educadores escoceses presentaron un informe pedindo que a natureza se establecera como o eixo de todas as actividades do curriculum escolar, xa que defendían que o aire libre era un lugar máis efectivo para aprender. [<http://www.parliament.scot/parliamentarybusiness/report.aspx?r=8783&mode=pdf>]. Este incremento da natureza como espazo educador ten como corolario títulos específicos de grao e posgrao que, como este máster, se imparten noutros países como o máster Outdoor Education da Universidade de Gales [<https://uwtsd.ac.uk/ma-outdoor-education/>], o grao en Adventure and Outdoor Education da Universidade de Humak (Finlandia) [<https://www.humak.fi/en/bachelor-of-humanities-adventure-and-outdoor-education/>], ou Master Outdoor Adventure&Expedition Leadership da Southern University de Oregón [<https://sou.edu/academics/outdoor-adventure-leadership/programs/master-outdoor-adventure->

[expedition-leadership/](#)]. A Trobe University de Australia mantén títulos de grado e de posgrao arredor da potencialidade educadora da natureza [<https://www.latrobe.edu.au/courses/outdoor-education>] que teñen moita incidencia nos grupos de traballo internacionais arredor do aire libre”.

Con iso, un curso que se presentaba coas mellores expectativas posibles, sen dúbida mellores que en anos anteriores, veuse parcialmente truncado pola irrupción da pandemia que impediu desenvolver actividades a partir do 12 de marzo de 2020, o que afectou especialmente ao desenvolvemento do prácticum que houbo de facerse de feito virtual, así como tamén houbo de desenvolverse completamente de xeito virtual a materia *Aprendizaxe experiencial en contornas singulares*.

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

O título funciona cunha estrutura modular e cada módulo ten unha coordinadora ou coordinador que é membro da Comisión de Título. Os coordinadores de módulo convocan reunións de preparación para o deseño do traballo interdisciplinar de módulo, e tamén coordinan as sesións de avaliación que se realizan despois da presentación do traballo interdisciplinar. Tamén son quen de atender en titoría calquera dúbida ou orientación que necesiten os estudantes sobre as aprendizaxes e o desenvolvemento do traballo interdisciplinar. O desenvolvemento das actividades académicas se cumpre conforme o deseño anual que se fai no plano de estudos. O grupo único está fixado en 25 estudantes, que permite o seu manexo razoable para saídas a contornas naturais e visitas. En relación coa pandemia no houbo cambios con referencia a un curso normal ata a interrupción ineludible das actividades presenciais o 12 de marzo. Aínda que a fase presencial estaba practicamente rematada, se estableceu un plan de continxencia para os exames e as actividades que aínda, en dita data, non estaban concluídas.

Non temos datos sobre o nivel de satisfacción dos egresados neste curso académico, e tampouco polas circunstancias se fixo a enquisa que outros anos permitiron a elaboración dun informe por parte dos estudantes, que orienta as decisións que deben ser tomadas para a mellora dos procedementos.

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

A coordinación entre o profesorado fai que non existan problemas de duplicidade nos contidos impartidos. Non se rexistran queixas por estes motivos. A estrutura modular e as reunións do profesorado evitan as duplicidades e favorecen a coordinación. Todas as materias teñen unha duración de 3 créditos. Os módulos



1,2,3,4, teñen unha carga de 9 créditos, mentres que o módulo 5 acada 12 créditos.

<b>Curso 2018-2019. Titores e materias</b>	
<b>Módulo 1</b>	
Valores educativos da natureza e da paisaxe. Coordinadora: Dra. Dna. Beatriz Fernández Herrero	
Materia 1.1. A natureza como medio educador.	3
Materia 1.2. Ética e natureza.	3
Materia 1.3. Historia ambiental.	3
<b>Módulo 2.</b>	
Natureza e arte. Coordinadora: Dra. Dna. Isabel Fernández López	
Materia 2.1. Música e natureza.	3
Materia 2.2. As artes plásticas e a natureza.	3
Materia 2.3. Literatura e Natureza	3
<b>Módulo 3.</b>	
Os elementos do medio natural Coordinador: Dr. D. Manuel Antonio Rodríguez Guitián	
Materia 3.1. Ecosistema e biodiversidade.	3
Materia 3.2. Coñecemento xeográfico do medio natural.	3
Materia 3.3. Natureza, paisaxe e arquitectura rural.	3
<b>Módulo 4.</b>	
Dirección de grupos e xestión de recursos Coordinador: Dr. D. Jacobo Feás Vázquez	
Materia 4.1 Dirección de grupos e resolución de conflitos.	3
Materia 4.2. Equipamentos e organización de actividades.	3
Materia 4.3. Lexislación e xestión económica.	3
<b>Módulo 5.</b>	
Actividades educativas na natureza Coordinador: Dr. D. Rubén Navarro Patón	
Materia 5.1. Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.	3
Materia 5.2. Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.	3
Materia 5.3. O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.	3
5.4.1. Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional. 5.4.2.- Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares. (Optativas, a elixir unha delas). 5.4.3. Aprendizaxe experiencial en contornas singulares	3
<b>Módulo 6.</b>	
Prácticum e Traballo Fin de Máster	
Materia 6.1. Prácticum. Coordinador Prácticum: Dr. D. Joaquín Lago Ballesteros	6
Materia 6.2. Traballo Fin de Máster. Coordinador TFM: Dr. D. Rubén Navarro Patón	6

Nos módulos 1, 3, e 4 os estudantes elaboraron un traballo conxunto que desenvolve as competencias das materias que o compoñen. O traballo de módulo é deseñado polo seu profesorado, e acordouse que tivera un valor da cualificación do 60%, sendo o resto da cualificación da responsabilidade de cada materia. Nos módulos 2 e 5 se fan actividades tendentes á promoción de habilidades de traballo en equipo. No módulo 5 dúas materias levan conxuntamente a avaliación das actividades. A coordinación modular e o traballo interdisciplinar permiten unha mellor aprendizaxe e interrelación entre os coñecementos, habilidades e desenvolvemento de capacidades dos estudantes. Así, no primeiro módulo, o traballo, tenta establecer relacións entre aspectos históricos, éticos e pedagóxicos en relación cun espazo ou con un feito ou actividade que teña unha dimensión educativa en relación coa natureza. Mentres no módulo 3, o traballo se centra nun espazo natural protexido. No módulo 4, a idea é que os estudantes sexan capaces de desenvolver un proxecto empresarial ou asociativo,

tendo en conta as súas capacidades directivas, coñecementos dos equipamentos necesarios e habilidades de formación de equipos, liderado e toma de decisións.

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas dispónse de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos profesionais vencellados directamente aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen 51 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. Ao comezo do curso académico o alumnado recibe un listado dos centros de prácticas dispoñibles xunto con información relativa aos correspondentes proxectos de prácticas levados a cabo neles en cursos pasados (esta información actualízase cada ano). Emprázase ao alumnado a que transmita as súas preferencias como destino de prácticas e, unha vez recibida esta información, contáctase cos centros de que se trate para confirmar que a súa axenda de actividade asegura a viabilidade de recibir ao alumnado, aproveitando este contacto para remitir a guía docente do Practicum, de forma que nos centros de prácticas se teña constancia das finalidades da materia e das competencias que o alumnado debe acadar. Tras recibir confirmación, facilítase unha primeira reunión no centro de prácticas entre os/as respectivos/as alumnos/as e titores/as, para acordar un plan de prácticas que satisfaga tanto as necesidades do centro colaborador como as expectativas do alumnado e, mediante a supervisión por parte da Coordinación de Practicum, asegúrase tamén que o plan posibilita a consecución das competencias procuradas. Este plan de prácticas é asinado polas tres partes implicadas (alumno/a, titor/a no centro colaborador e supervisor/a dende a Facultade). Este plan é unha parte do anexo ao convenio firmado coa entidade. Ademais os estudantes deben obter un certificado de non estar incurso en delitos sexuais para poder iniciar o seu período de prácticas.

Durante a estada nos centros o/a supervisor/a dende a Facultade realiza o seguimento do plan de prácticas contactando cos centros e visitándoos se é preciso, e facilita tamén o documento de avaliación da estada no centro. Ademais atende ao alumnado de xeito presencial ou a distancia naqueles asuntos que o requiran. Ao remate das prácticas o/a supervisor/a de prácticas recibe a avaliación dende os centros e a memoria de prácticas que o alumnado debe entregar, procedendo á súa avaliación centrada na consecución das competencias perseguidas. No curso 2019-2020 a distribución dos estudantes foi a seguinte:

<b>INSTITUCIONES COLABORADORAS QUE RECIBIERON ALUMNADO EN PRÁCTICAS EN EL CURSO 2019-2020</b>	
<i>Nombre de la entidad</i>	<i>Alumnado recibido</i>
ADEGA	2
CDR O VISO	1
C.N. ARES	1
ESCUELA LIBRE LOS LAZARILLOS	1
GREFA	1
SEMENTE LUGO	1
<b>Total</b>	<b>7</b>

O resto do alumnado fixo o traballo alternativo que aprobou a Comisión de título, como se explica no punto 1.5, xa que todos os estudantes desenvolveron o prácticum en modo virtual. Algúns ambientaron ese traballo en centros cos que se tiña convenio. Outros estudantes escolleron ambientar o traballo en centros cos que a USC non ten convenio. A un dos estudantes foille validado o prácticum por recoñecemento de créditos por experiencia profesional, en conformidade cos criterios establecidos pola Comisión do título: presentar contrato de traballo en empresa con actividade relacionada co máster nos últimos tres anos anteriores á realización do máster durante al menos tres meses. É o segundo caso que se atende en toda a traxectoria do máster.

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

##### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O caudal máis importante de titulados corresponde ao ámbito da educación, especialmente mestres/as de educación infantil e primaria. O título non está pechado a outras titulacións, porque existen persoas con titulacións que teñen ampla experiencia e formación na educación ao aire libre, especialmente no eido da educación non formal. Nótase como un elemento necesario de mellora, potenciar a presenza de titulados en pedagogía ou educación social. No curso 2019-2020, dos 25 estudantes matriculados, 17 proviñan de títulos de educación (68%), dos que 14 (56%) eran mestres e outros tres (12%) doutras titulacións pedagóxicas. A diversidade de títulos, acompáñase nesta ocasión á diversidade de procedencias xeográficas. É a máis alta de toda a serie nos últimos cinco anos. No conxunto de titulacións non vinculadas a educación, se atopan biólogos, economistas, filólogos, enxeñeiros informáticos, xeógrafos e graduados en Belas Artes.

En conxunto a evolución das titulacións de ingreso non vinculadas a educación é a seguinte:

Ano	Titulación vinculada	Titulación non vinculada	Total
2015-2016	26	2 (7,14%)	28
2016-2017	25	2 (7,40%)	27
2017-2018	23	1 (4,16%)	24
2018-2019	12	3 (20,00%)	15
2019-2020	17	8 (32,00%)	25

Na memoria de verificación non se excluíu ningún título porque a educación non formal e a natureza como espazo educador soe ter interese para moitos estudantes que fan actividade de voluntariado ambiental ou posúen os títulos de monitor ou director de tempo libre e teñen experiencia non profesional en asociacións relacionadas, ou son responsables de equipamentos na natureza que posúen relación co master. Porén o caudal principal do máster son titulados en educación, aínda que se nota ultimamente unha maior diversidade de títulos de ingreso. A presenza de estudantes doutras titulacións, aínda que sexa minoritaria enriquece a formación do grupo pola diversidade de perfís que se xuntan en cada promoción. No conxunto dos estudantes con titulación en universidades españolas, aínda tres teñen titulación de diplomatura como mestre/a.

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Máis que incidir en normativas xerais, importa salienta os acordos internos entre o profesorado, que mediante as súas reunións vai establecendo protocolos de traballo que optimizan os procesos de formación. A Comisión do Título estableceu que a lo menos o profesorado fixera dúas reunións anuais para analizar a marcha do máster. As reunións deste curso estiveron moi condicionadas pola temática da pandemia, e fundamentalmente trataron da reorganización do curso conforme aos protocolos que foi necesario desenvolver. A Universidade estableceu un réxime especial de avaliación por acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2021 que se desenvolve por un documento titulado “Directrices para a organización da docencia e avaliación. Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola covid19”, que no caso deste máster obrigou a una modificación do calendario e criterios de solicitude, entrega, avaliación e defensa do TFM que pasou, de xeito extraordinario, a ser avaliado polo titor/a e non por un tribunal. A Comisión de título seguindo o devandito documento aprobou as seguintes medidas en relación co TFM:

**1. Será posible presentar e defender os TFG e os TFM aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares.** En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG ou no TFM quedará condicionado á efectiva superación das prácticas.

**2. A presentación e defensa poderase realizar por medios presenciais ou por procedementos telemáticos,** de acordo co procedemento que se determine normativamente.

**3. Como excepción ao previsto no artigo 6.7 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na USC, todos os Centros, com independencia do que establezan as súas normativas propias, poderán acordar que estes, ademais de poderen ser defendidos diante dun tribunal, poidan ser avaliados exclusivamente polo/a titor/a.** De ser este o caso, os Centros deberán determinar as características desta avaliación e poderán fixar unha puntuación máxima para as distintas modalidades de presentación. Estes acordos deberán ser adoptados polos Centros antes do 31 de maio e comunicados á Vicerreitoría de Organización Académica, así como ao estudantado afectado para que este poida optar por unha das modalidades previstas.

**A Comisión de Título do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (DAEN) reuniuse no o día 29 de abril de 2020** para tratar os extremos sobre a avaliación dos TFM chegando esta comisión aos seguintes acordos:

1. Co fin de minimizar os posibles problemas que poidan xurdir nunha defensa do TFM utilizando medios telemáticos e co ánimo de facilitar e garantir a identidade do alumnado na mesma, **será exclusivamente o Titor/a do traballo responsable de avaliar ao alumno/a na defensa do TFM. Quedan suspendidos os tribunais nas oportunidades de xuño/xullo e setembro. O titor/a poderá cualificar o TFM ata a súa máxima cualificación (10 puntos).**

2. Dada a excepcionalidade da situación e considerando as dificultades derivadas da mesma para a realización do TFM incorpórase á avaliación do mesmo o seguimento do proceso de elaboración. Polo tanto, **o Produto final do TFM coa súa defensa terán un peso ponderado do 50% da cualificación e o outro 50% virá dado polo do Proceso da súa elaboración, tendo que ser aprobadas e superadas as dúas partes.** As evidencias do proceso resultarán do seguimento (correos-e, titorías, borradores,...) do mesmo e terán como referencia para a avaliación as competencias sinaladas na materia.

3. **Para a concesión das matrículas** de honra so poderá optar o alumnado que, recibindo unha cualificación igual ou superior a 9, sexa proposto polo seu titor perante a Comisión do Título. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os TFM correspondentes ao curso académico (febreiro, xuño e setembro). No suposto de haber máis propostas de matrículas de honra das que poidan outorgarse, sendo un primeiro filtro a propia nota do TFM, a Comisión do Título resolverá a concesión desta mención a favor de aquel alumnado que presente unha maior puntuación media de expediente académico.

**4. Modifícase o calendario para a solicitude, entrega e defensa do TFM da primeira oportunidade,** fixándose nas seguintes datas:

- **Solicitude:** do 26 de xuño ao 30 de xuño

- **Entrega/depósito:** do 26 de xuño ao 02 de xullo

- **Defensa:** do 6 de xullo ao 24 de xullo

En cambio, o calendario da segunda oportunidade permanece sen cambios:

- **Solicitude:** do 20 ao 24 de xullo

- **Entrega/depósito:** do 20 ao 28 de xullo

- **Defensa:** do 03 ao 30 de setembro

**5. Co fin de garantir que a defensa sexa un acto público,** requirense as seguintes accións:

- O profesorado titor debe comunicar, coa maior antelación posible e en todo caso cun mínimo de 72 horas de antelación, a data e hora previstas para a defensa á Xestora do centro.

- Esta información será compilada, xunto co enlace a plataforma Teams, en listados que progresivamente se difundirán a través da súa publicación na páxina web da Facultade (apartado Máster DAEN) e aos que se engadirá a indicación de que *aquela persoa que queira presenciar, en calidade de convidado/a, a defensa dun TFM concreto, debe enviar ao titor/a e ao coordinador do TFM, cun mínimo de 24 horas de antelación respecto do momento da defensa, un correo electrónico manifestando a súa vontade para que, á volta de correo, se lle remitan as indicacións para o acceso á reunión telemática do acto de defensa.*

**6. Recoméndase que o profesorado titor** faga unha reunión previa co alumno/a para garantir o bo funcionamento das aplicacións

telemáticas (Teams, Skype empresarial ou calquera outra aplicación institucional). Para aquel profesorado que estime necesario familiarizarse coa aplicación Teams, están á súa disposición os seguintes vídeos:

- **Introdución a Microsoft Teams:**

<https://www.youtube.com/watch?v=yPr6p9X8Bfg>

- **Administración dun equipo en Microsoft Teams:**

<https://www.youtube.com/watch?v=krbJdwgFieM>

- **Uso dun equipo para docencia en Microsoft Teams:**

<https://www.youtube.com/watch?v=CLLF7J5422A>

7. **O acto de defensa debe sempre ser gravado.** O alumno/a no comezo do acto debe indicar o seu nome e apelidos, nº de DNI e sinalar que autoriza á gravación da defensa do seu TFM (por exemplo, na aplicación Teams xa existe un elemento para a gravación da sesión).

Tamén houbo que cambiar completamente as expectativas do prácticum (Conforme a Resolución Reitoral de 27 de marzo de 2020 sobre as prácticas académicas externas como consecuencia da súa suspensión temporal derivada de la situación de crise sanitaria) que tivo que resolverse de xeito virtual, o que a súa vez necesitou dunha xustificación escrita, aprobada pola comisión na súa reunión do 1 de abril de 2021, cun plan de actividades equivalentes. As actividades orixinalmente contempladas no prácticum contemplaban estas actividades:

- Actividades de observación del centro de prácticas, de su contexto, de sus espacios educativos y de los usuarios o público al que se dirige.
- Actividades de intervención que incluyen el diseño, aplicación y evaluación de varias actividades puntuales o de una secuencia de actividades encadenadas.

A proposta de traballo alternativa consistiu nun estudo de caso contextualizado no centro de prácticas escollido inicialmente ou en calquera outro, ben dos existentes entre os convenios de prácticas establecidos ou ben fóra deles (neste último caso o supervisor deberá validar a elección despois de asegurar que devandito centro responde as finalidades da materia). Tamén se estableceu a posibilidade de elaborar propostas que vinculen a máis dun centro.

Neste traballo o alumnado debía dar unha resposta ás necesidades expostas polo distanciamento social por mor da COVID-19 para poder seguir prestando a actividade educativa desenvolvida pola institución de forma non presencial, ou ben asegurar a viabilidade do proxecto e aproveitar o tempo de suspensión da actividade presencial para elaborar unha proposta de innovación a aplicar unha vez retomada a mesma.

Esta proposta debía reflectir, até onde fose posible, a realidade do centro de prácticas, podendo optar por completar dunha forma hipotética congruente aqueles apartados nos que a situación apareza semidefinida ou indefinida.

En terceiro lugar, houbo que deseñar un plan específico para a única materia que non fora impartida cando foi establecida a modalidade non presencial: *[P3281205] Aprendizaxe experiencial en contornas singulares*. Dita materia tiña previsto desenvolverse en Picos de Europa entre o 12 e o 15 de maio, pero ao non poder levarse adiante houbo que establecer un plan para que puidera ser cursada en modo virtual. A descrición das actividades virtuais correspondíanse cos lugares e espazos que se tiña previsto visitar e coas accións que estaban previstas:

#### DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES

Escenarios concretos del trabajo • Bufones de Pría • Cueva y Playa de Cobijeru • El Valle de Liébana o San Pelayo y alrededores o Senda del Cares o Fuente Dé y Altos de Áliva o Villa de Potes

##### 1. Entorno

a. Descripción del medio físico y natural En este apartado se recoge la información geológica, de flora y fauna que es la base para diseñar las rutas y actividades educativas. El entorno que se visita transcurre en un ambiente de tipo kárstico, debido a la erosión particular de las rocas calizas. En cada uno de los escenarios se visitan diferentes formaciones: • Bufones de Pría: erosión costera y dolinas • Cueva y Playa de Cobijeru: formaciones subterráneas (estalactitas y estalagmitas) • El Valle de Liébana o San Pelayo y alrededores: gargantas y arquitectura tradicional o Senda del Cares: gargata y vegetación específica de esos ambientes o Fuente Dé y Altos de Áliva: acantilados Actividades • Recopilación

de material bibliográfico y de documentos de síntesis sobre geología, flora y fauna del entorno. Selección de buenos ejemplos. • Inclusión de esta información en las actividades de los siguientes apartados (cultura, actividades educativas).

b. Descripción cultural Estudio general del escenario de trabajo • Costa Cantábrica Asturiana • El Parque Nacional de Picos de Europa Etnografía y cultura rural • Establecer algunos rasgos de las comarcas. • Conocer los cambios desde una estructura tradicional a otra en la que el turismo ocupa un lugar central. • Realizar un breve análisis de lo que significa ese cambio. Elementos del escenario con potencia educadora. • En el escenario natural hay elementos que tienen una gran fuerza educadora, que pueden producir un conjunto de aprendizajes personales que atienden a distintas dimensiones de la persona (intelectual, social, física y emocionalmente). Convendría que el grupo tuviese perspicacia para identificar algunos.

c. Aspectos normativos y operativos • Se recopila las normativas que regulan las actividades del entorno, recogiendo las diferentes figuras de protección de la naturaleza.

## 2. Rutas y actividades educativas.

En este apartado se utiliza la información y análisis de los anteriores apartados para generar una oferta de actividades.

a. Diseño. *Para indicar.* Recorridos alternativos de la ruta (color verde) por si existe algún contratiempo Los puntos de evacuación o caminos necesarios (color rojo) por si existe algún incidente y se necesita evacuación Destacar, si existe, algún lugar representativo de la zona y donde se puede realizar alguna actividad didáctica o explicación o que sea de interés *Datos de interés.* Indicar, si existen, zonas protegidas y las misma se marcarán con la herramienta de polígono. *Otras tareas.* En el punto inicial se incluirá el cuadro resumen MIDE para la ruta Tras la confección de la ruta, se realizará una imagen de la misma, mediante la opción de imprimir y ahí con la opción de pdf.

b. Organización. Para indicar en la propia ruta. Señalar los aspectos del medio físico-natural y cultural que se pretenden abordar durante la actividad. Señalar paradas para avituallamiento y actividades. Punto de Salida y de Inicio (mismo indicador).

c. Diseño de Actividades. Se tendrá que diseñar una sesión que podrá ser distribuida en diferentes momentos, pero que tiene que Para las tareas del día se planteará una sesión con las siguientes indicaciones: Objetivos Competencia a trabajar Fase informativa Por cada tarea planteada. Tiempo estimado. Material necesario. Descripción de tarea. Representación gráfica. Variantes. Criterio de éxito. Feedbacks. Evaluación de la sesión.

Para realizar este plan reuniuse un importante conxunto de documentación que se subiu á páxina virtual da materia. Os estudantes traballaron por equipos, e finalmente realizouse unha exposición de conclusións por videoconferencia.

Estas medidas extraordinarias permitiron aos estudantes finalizar os seus estudos desenvolvendo as competencias especificadas na Memoria do título.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

#### **2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título é visible na páxina web que mantén a USC para títulos de posgrao:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas>

Tamén se atopa información na páxina web da propia Facultade de Formación do Profesorado, tanto de documentos internos para os estudantes como da Memoria do título e dos informes de seguimento:

[https://www.usc.gal/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](https://www.usc.gal/gl/centros/ffp/master_DAEN.html)

Existe tamén unha páxina en Facebook con información que é administrada polos estudantes:

<https://www.facebook.com/master.daen/> Neste medio se fixo unha campaña de difusión en xuño de 2019 que alcanzou a máis de 100.000 mozos e mozas entre 22 e 30 anos.

**MÁSTER EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA**  
CURSO 2019 - 2020

**DURACIÓN: 1 ANO**

**ORIENTACIÓN: ACADÉMICO PROFESIONAL**

**PLAZAS: 25**

**LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado de Lugo**

Habilta para entrar preferentemente no Programa de Doutoramento en Educación da USC.  
Para máis información de acceso se detémnese en cartóns informativos, ao aire libre.

**CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDANTES AOS QUE VAI DIRIXIDO**

É un máster oficial especialmente deseñado para graduados nos distintos títulos de educación (Mestre, Educación Social, Pedagogía, Psicopedagogía), e tamén moi adecuado para graduados en Bioloxía, Xeoloxía, Pedagogía ou Ciencias do Actividade Física e Deporte, así como para outros títulos relacionados cos contornos naturais como as titulacións agroalimentarias. A pesar de que ningún título está excluído, para facer estes estudos, como parte de ingreso, é recomendable ter algunha experiencia en asociacións juvenís, campións, desenvolvemento da natureza, deportes de montaña, excursións, capacidade narrativa e de expresión de opinións, accións de seguridade en actividades ao aire libre, habilidades para o traballo cooperativo, optimismo, vontade para a consecución dos obxectivos, decisión ante as dificultades, boa forma física e coñecemento de idiomas. Como tal máster oficial o título é válido en todos os países da Unión Europea.

**CARACTERÍSTICAS DO CURSO**

Trabaxe en contextos de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación cos naturais, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxa, deporte ao aire libre... inserindo obxectivos no desenvolvemento de capacidades para a acción, organización e dirección de grupos e institucións en relación co medio natural.

**DATAS A TER EN CONTA**

A matrícula estará aberta entre o 2 de maio a o 10 de maio.  
A lista de aulas adúscase nas prazas e se fai a matrícula. Se non se califica todas as prazas, abrese un novo prazo entre o 2 de agosto e o 10 de setembro para vacantes.

**COMEZO DO CURSO: 17 de setembro de 2019.**  
**SEMESTRE DA FASE TEÓRICA: 18 de marzo de 2020**  
**PRÁCTICAS: 23 de marzo ao 26 de maio de 2020**  
**PRESENTACIÓN DE TFM: 26 a 31 de maio de 2020**

**DEPARTAMENTO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN**

**USC** **CAMPUS TERRA** **DEPUTACIÓN DE LUGO**

O máster tamén produce noticias de prensa que axudan a súa difusión e coñecemento. Tamén se difunde por cartéis, trípticos (actualmente con carácter dixital) e pantallas da Facultade de Formación do Profesorado.

Para o curso 2019-2020 se confeccionou un *roll up* que foi exposto na entrada da Facultade e distribuído por e-mail e redes sociais a moitas universidades e institucións de educación ao aire libre. O acto de inauguración e as conferencias foron anunciadas con cartéis distribuídos pola Facultade e en redes sociais.

**USC** **FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**  
MÁSTER EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA

**DEPUTACIÓN DE LUGO**

**17 de setembro de 2019**  
**Inauguración do curso**  
**16:30 Presentación**  
**17:00 Conferencia. Os caneiros do Miño ao seu paso por Lugo. Dr. D. Juan Ortiz Sanz**  
**18:00 Reunión de coordinación**

*Constanter in itinere  
Lugiter inveniendo  
Semper naturam tuendo*

Se fai tamén unha campaña de captación nos estudantes de cuarto curso do grao de mestre na Facultade de Formación do Profesorado, na parte final do curso académico. A presenza dos estudantes en espazos abertos ao aire libre é, por outra parte, continuada e axuda ao seu coñecemento e difusión.

### Lugo

## EL DESPERTADOR

# Por un mundo igualitario

La Rede de Traballo de Intervención Laboral organizará un acto en el Día de la Justicia Social

**Actividad para un mundo igualitario** Desde la comisión de Igualdad de Oportunidades de la USC, se celebrará el día 19 de agosto un acto en el que se reflexionará sobre la importancia de la igualdad de género en el mundo laboral y se presentará un libro que aborda esta temática: **«Mujeres rurales»**, un estudio de la Red de Traballo de Intervención Laboral y el equipo de María Auxiliadora y Divina Pastora.

El acto contará con la presencia de María Auxiliadora y Divina Pastora, coordinadora de la Red de Traballo de Intervención Laboral, y de María López, coordinadora de la Red de Traballo de Intervención Laboral y del equipo de María Auxiliadora y Divina Pastora. El acto se celebrará a las 10:00 horas en el aula de la Facultad de Educación de la USC.

**Alumnos del máster Daen visitan una finca en Fonsagrada**

Los alumnos que participan en el máster de Dirección de Actividades Educativas en la Naturaleza (DAEN) visitaron el día 27 de febrero una finca en Fonsagrada, en el municipio de Fonsagrada, para conocer de primera mano la realidad de un espacio rural y la importancia de la educación en la naturaleza.

**Maristas, María Auxiliadora y Divina Pastora celebran mañana el Carnaval**

TRABAJO SOCIAL - Educación. María Auxiliadora y Divina Pastora celebrarán mañana el Carnaval en la finca de Fonsagrada, en el municipio de Fonsagrada, para conocer de primera mano la realidad de un espacio rural y la importancia de la educación en la naturaleza.

### Comarcas

## Unha aula na Fonsagrada

Un total de 25 estudantes da USC e futuros educadores fixeron dos bosques, camiños e aldeas do municipio unha clase sen muros

**NEVELSERA**

«Tratamos máis ben por apoiar a unha finca rural que por apoiar a un municipio rural», afirma Otero, que engade que os alumnos de Daen visitaron a finca de Fonsagrada como unha aula sen muros para un total de 25 estudantes do máster de Dirección de Actividades Educativas en la Naturaleza, que se imparte na USC. O día 28 visitaron o municipio de Fonsagrada e coleccionaron de primeira man a intervención arqueológica que describe unha aula na construción caseira.

A continuación, o grupo adentráronse nos bosques cercados á capela de Santiago para darte un «baño de bosque», segunda comenta Otero. «É unha práctica que reduce o estrés, unha actividade terapéutica», explica. Pola tarde, seguiron os pasos da ruta que vai por Pena Galinara até Román, unha aldea que atinca cunha economía da ferro, O día 28, o alumnado participou no partido Camiño da República, vistoso a aldea da Fontana «Camín do pasado ferreo» e a Sembrada de Vilagorede.

«O Concello facilitounos o transporte polo municipio, e tamén o alumnado», salienta Otero, que tamén indica que o máster ofrece prácticas neste municipio. «Tamén é posible para devolvelas a aposta que fan por esta formación», comenta. Esta é unha formación que considera necesaria hoxe en día e na que a provincia ofrece un gran potencial a natureza como espazo educativo.

Con estes medios garántese unha difusión ampla do título. As actividades son documentadas fotograficamente e serven para confeccionar informacións que se transmiten por redes sociais.

Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN

Publicado por Eugenio Otero Viteiro · 17 de agosto de 2020

464 Personas alcanzadas · 27 Interacciones

Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN

Publicado por Eugenio Otero Viteiro · 6 de agosto de 2020

436 Personas alcanzadas · 25 Interacciones

Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN

Publicado por Eugenio Otero Viteiro · 19 de agosto de 2020

464 Personas alcanzadas · 27 Interacciones

Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN

Publicado por Eugenio Otero Viteiro · 17 de agosto de 2020

436 Personas alcanzadas · 25 Interacciones

Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN

Publicado por Eugenio Otero Viteiro · 17 de agosto de 2020

464 Personas alcanzadas · 27 Interacciones

Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN

Publicado por Eugenio Otero Viteiro · 17 de agosto de 2020

436 Personas alcanzadas · 25 Interacciones







## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

A Comisión de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado garda información desde 2010. O Plan Estratéxico está vixente ata 2022, mentres que é necesario actualizar a Programación Plurianual, que terá unha extraordinaria importancia porque vai ser un período no que a Facultade de Formación do Profesorado vai cambiar de edificio, integrándose no espazo no que están os demais centros universitarios lucenses. A páxina web da Facultade que imparte o título, conta con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos). A información se atopa en [Facultade de Formación do Profesorado - Facultade de Formación do Profesorado - USC](#)

Se lle informa a Comisión Consultiva de Seguimento Externo do máster sobre o desenvolvemento e actividades e se lle consulta sobre decisións que atinxen a pertinencia da formación e os cambios que puideran introducirse. A Comisión do máster decidiu despois do Informe de renovación da acreditación de 30 de xuño de 2016, que a metodoloxía dominante no título debería basearse no sistema de clases reversas (Flipped Classroom). É unha forma de traballo que está xa bastante implantada no máster e foi confirmada na súa bondade pedagóxica en data do 10 de febreiro de 2021 polo novo informe de renovación da acreditación, pero aínda así necesita dunha formación adicional por parte do profesorado para ser plenamente asumida. Os informes que proporcionan sobre os estudantes os titores profesionais externos é unha fonte que permite coñecer o grao de adquisición de competencias na práctica e nos procesos de aprendizaxe experiencial. Aínda que sería necesario, agás dos informes que os titores profesionais emiten sobre os estudantes, contar cunha información autorizada deles, sobre as bondades e eivas que encontran no desenvolvemento do prácticum.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada polo Coordinador do Título e polo Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do máster. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18, e de aplicación no actual curso.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos

títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Os distintos indicadores dispoñibles evidencian un adecuado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2019-20 acadou o 4,33, lixeiramente superior á do curso anterior, aínda que a participación foi menor 20%. Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida indica unha valoración global de 4,29, cun nivel de participación do 42,86%, moi lixeiramente inferior ao curso anterior. Tamén compre destacar a satisfacción global que os estudantes teñen coa titulación no curso, 4,00.

No caso do profesorado os aspectos que valoran máis na titulación son: a atención recibida polo persoal de administración e servizos (4,71), a regularidade coa que o estudante asiste a clase (4,57), o calendario de probas de avaliación así como a información que se posúe sobre a titulación (4,29), así como a estimación que teñen do alumnado porque se implica na titulación (4,00) e perciben qu está satisfeito. O equipamento das aulas é o que ten unha puntuación menor, aínda que positiva (3,43).

Compre manifestar que que na satisfacción da valoración global da titulación da unha mesma puntuación tanto estudantes como en profesorado (3,91).

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas polo alumnado deste título, no curso 2019-2020, cumpre manifestar que non houbo ningunha reclamación.

A Comisión de Seguimento externo permite ao máster acadar información de como é percibida a titulación polo mundo profesional e darlle claves e indicacións que permiten optimizar procesos e contidos. Está composta por catro profesionais, dous egresados, un representante do profesorado e o coordinador do máster.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición a partir do curso 2015-16 (BOE do 19/12/2016 e DOG do 09/01/2017). Noutros casos, trátase de modificacións de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial; así se procedeu para a incorporación da materia optativa “P3281205 Aprendizaxe experiencial en contornas singulares”, que, entre outras accións, facilita a internacionalización da titulación.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

As propostas de mellora foron completamente executadas, ou nalgún caso pospostas por entenderse que non eran viables no momento actual como foi pensar en crear un grupo de innovación. Porén as restantes se

desenvolveron correctamente e con aplicación eficaz.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A nivel de título, nos distintos IAS do título incluíron Plans Anuais de Mellora (PAM), que engloban as distintas Accións de Mellora (AM) previstas para cada curso académico. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc.

Os IAS son analizados, debatidos e aprobados pola Comisión de Calidade do Centro e tamén foron informados pola Xunta de Facultade, proba fiable da participación dos distintos grupos de interese.

No Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do 10 de febreiro pasado, se fan unhas recomendacións de mellora que na reunión da Comisión de Título do 14 de decembro de 2020, foron examinadas:

#### *Dimensión 1: Xestión do título / Criterio 1: Organización e desenvolvemento*

1.- Abrir máis opcións de contacto con outras universidades, a través de actividades que fomenten a mobilidade (charlas por videoconferencia, etc). *Se considera que está desenvolvéndose actualmente suficientemente.*

2.- Valorar a posibilidade de trasladar algunhas horas de aula a espazos abertos que permitan aumentar horas de contacto coa natureza. *Considérase que se está desenvolvendo actualmente suficientemente.*

3.- Tratar de publicitar máis o máster entre outras titulacións que non sexan os Graos en Infantil ou Primaria, por exemplo titulacións relacionadas con ciencias da actividade física e do deporte. *Se considera necesario insistir en dito punto nas seguintes campañas de publicidade.*

#### *Dimensión 1: Xestión do título / Criterio 2. Información e transparencia.*

4.- Recoméndase incluír na web propia do título información relativa aos centros de prácticas (si dispoñible na web da Facultade para os graos, pero non para os máster). *Está resolto.*

#### *Dimensión 2: Recursos/Criterio 4: recursos humanos.*

5.- Aínda que non é exclusivo deste máster, conséntase unha excesiva carga docente. Instase os responsables da USC a tratar de solucionar este problema. *Se fara constar dita circunstancia ao equipo reitoral esixindo solucións*

6.- Sería necesario reforzar o servizo de conserjería para mellorar a atención a estudantes e profesorado. *Se fara outra vez insistencia neste punto, que xa foi apuntado no informe final de 2016.*

#### *Dimensión 2: Recursos /Criterio5: Recursos materiais e servizos.*

7.- Os ensinos do Máster fortaleceríanse coa implantación de dispositivos de orientación académica e profesional. *Pendente de execución.*

*Dimensión3: Resultados/Criterio7: Indicadores de satisfacción e rendimento.*

8.- Considérase necesario facer unha maior publicidade do Máster para incrementar a demanda e contribuír a súa estabilidade. Se solicitará unha axuda específica para este fin a Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo.

9.- É necesario acometer un estudo de egresados do título máis amplo, necesario para a súa inclusión como ferramenta de mellora e revisión do título e para coñecer se os egresados están a traballar no perfil específico deste título. *Se solicitará unha acción neste sentido á Vicerreitoría de Calidade.*

10.- Recoméndase que se manteña un foro continuo de colaboración con empregadores e egresados para recibir información externa para a mellora do Máster, foro que podería articularse a través da Comisión Consultiva Externa do Máster, que parece estar en funcionamento aínda que non se achegaron actas desta Comisión.

A implantación do SGC posibilita o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder ao seu actualización e avance. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

Neste sentido, fai falta deixar constancia de que no ano 2018, aprobouse unha modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de conseguir unha simplificación que redunde nunha maior operatividade. O novo SGC contempla un manual do sistema para o centro, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de xeito semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo Manual de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos cruce e 6 procesos de soporte.

O centro adaptou o SGC marco da USC ás características específicas do centro en setembro do 2018. Toda a documentación que conforma o SGC da Facultade de Formación do Profesorado atópase na páxina web do centro na sección de calidade.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título eo número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente ea súa cualificación éa adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos,as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

**Aspectos a valorar:**

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

O profesorado que participa do título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada e pertence na súa totalidade a USC.

A progresión dos sexenios de profesorado é alta, aínda que nese último curso non ten novidades.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total	37,04	31,82	44,44	69,23	71,43	78,57	84,62	84,62

O profesorado é suficiente e cumpre coas condicións establecidas na Memoria de verificación e o perfil dun título específico de carácter académico profesional. En total, e conforme a información dispoñible para o curso 2019-2020, o profesorado acumula 27 sexenios de investigación entre catedráticos, profesores titulares e contratados doutores. A proporción de sexenios polo profesorado do máster, é inferior á media da USC (88,87%) pero superior a media da área de Ciencias Sociais e Xurídicas da USC (78,75%). Asemade a suma de quinquenios de docencia (65 quinquenios), amosa que a antigüidade media do profesorado do máster na universidade é cando menos de 15,45 anos, xa que o profesorado con máis de 30 anos de servizo non acumulan novos quinquenios. A relación entre profesor e estudante é óptima: 1,19 estudante por profesor. Certamente non todo o profesorado pode participar coa mesma intensidade. O 32% participa desde unha posición precaria como contratados interinos ou asociados, e os profesores axudantes cun 8% tampouco disfrutaban de estabilidade laboral, aínda que levan tempo acreditados para contratados doutores. No ano 2020 esta situación está levemente modificada por canto un dos profesores non doutores defendeu a súa tese de doutoramento e un profesor axudante doutor e unha profesora contratada interina foron promovidos a contratados doutores, así como una profesora acadou a titularidade, e un profesor titular promoveu a catedrático. Porén, conforme os datos ofrecidos pola Área de Calidade e mellora dos Procedementos da USC a distribución actual é a seguinte:

Categoría	Número	%	Núm. Horas	% horas
Profesor: Asociado de Universidade LOU	3	14,29%	79,00	20,90%
Profesor: Catedrático de Universidade	2	9,52%	66,50	17,59%
Profesor: Contratado Interino - T3	3	14,29%	51,00	13,49%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	2	9,52%	42,00	11,11%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	6	28,57%	70,00	18,52%
Profesor: Titular de Universidade	5	23,81%	69,50	18,39%
<b>Total</b>	<b>21</b>	<b>100,00%</b>	<b>378,00</b>	<b>100,00%</b>

A docencia e coordinación do prácticum e TFM se levou a cabo por un profesor axudante doutor e un profesor contratado doutor, respectivamente. Un dos profesores titulares ascendeu a catedrático neste curso, unha contratada interina pasou a contratada doutora, un axudante doutor, promoveu a contratado doutor, e unha contratada doutora promoveu a profesora titular, aspectos que aínda non contempla o cadro proporcionado para este informe.

No curso 2019-2020 o máster tivo 21 docentes dos que 18 eran doutores (85,7%) e 7 funcionarios (Titulares e

Catedráticos de Universidade). Ademais houbo 6 contratados doutores, 2 axudantes doutores, 3 profesores contratados interinos, e 3 asociados. O cálculo faise sen contar que ao longo do curso un profesor pasou de non doutor a doutor, unha contratada doutora a titular de universidade e un profesor titular promocionou a catedrático.

A proporción entre sexos é de 28,57% mulleres e 71,43% homes. Sen contar a docencia propia do prácticum e do TFM, e os seus elementos de coordinación e titoría, o resto da docencia (48 créditos) ten a seguinte distribución:

	<b>Doutores</b>	<b>Non doutores</b>	<b>Σ</b>
Docencia obrigatoria	40 créditos 88,88%	5 créditos 11,12%	45
Docencia optativa	2 créditos 22,22%	7 créditos 77,78%	3
Docencia recibida polos estudantes	40+0,66 40,66 créditos 84,70%	5+2,34 7,34 créditos 15,30%	48

No curso 2019-2020, tres dos vinte e un profesores eran non doutores, dentro das categorías de asociados e contratados interinos. En conxunto impartiron 35 horas de docencia básica e 49 horas de materias optativas. Porén a docencia total do máster, contando o prácticum e TFM, da unha distribución máis aproximada á memoria do título, xa que ambas materias estiveron coordinadas por profesorado doutor:

	<b>Doutores</b>	<b>Non doutores</b>	<b>Σ</b>
Carga total crediticia	52,66 créditos 87,76%	7,34 12,24%	60

A distribución das materias en relación ao profesorado e áreas de coñecemento, conforme a actualización xa comentada da transformación das súas prazas, foi a seguinte:

#### Docencia conforme ás áreas de coñecemento

	<b>Categ.</b>	<b>Materia</b>	<b>Área</b>	<b>D/ND</b>
1	CD	P3281204	Didac CC. Experimentais	D
2	CIV	P3281V02	Didac CC. Experimentais	ND
3	CD	P3281105	Didac. Expresión Plástica	D
4	TU	P3281103	Historia Contemporánea	D
5	Asoc	P3281104	Didac Expresión Musical	ND
6	CIV	P3281105	Didac. Expresión Plástica	D
7	Asoc	/P3281113/P3281114/P3281203	Didac. da Expresión Corporal	ND
8	TU	P3281106	Zooloxía	D
9	CD	P3281111	Economía Financeira	D
10	TU	P3281102	Filosofía Moral	D
11	CD	P3281117	Didac. da Ling. e da Literatura	D
12	AD	P3281113/ 3281114/ P3281203	Didac. da Expresión Corporal	D
13	Asoc	P3281117	Didac. da Ling. e da Literatura	D
14	CD	P3281108	Historia da Arte	D
15	CU	P3281107/ P3281V02	Edafoloxía e Química Agrícola	D
16	AD	P3281113/ 3281114/ P3281203	Didac. da Expresión Corporal	D
17	TU	P3281108	Enxeñería Agroforestal	D
18	CU	P3281101/P3281110/P3281V02	Teoría e Hª da Educación	D
19	TU	P3281108/ P3281106	Botánica	D
20	CD	P3281106	Producción Vexetal	D
21	CU	P3281107	Didac. Ciencias Sociais	D

Con referencia a esta actualización, compre corrixir os datos ofrecidos pola USC para a valoración deste máster, pola



promoción feita polo seu profesorado

	Comparación de indicadores coa media da USC 2019/2020	Media USC	Valor estimado	Valor real
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	89,94	76,19	85,71
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	61,35	33,33	38,09

Os indicadores seguen a estar por debaixo da media da USC, resultando especialmente preocupante a escasa presenza de PDI funcionario. Unha eiva académica que necesita ser solucionada na Facultade de Formación do Profesorado.

#### 4.2.- **Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio da Facultade está formado por 11 persoas, membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS), das cales 4 pertencen á área de administración, 3 á área de conserxería e 4 a de biblioteca. Este persoal dá soporte aos preto de 900 estudantes das titulacións que se imparten na Facultade. Todo o persoal conta coa cualificación adecuada para desenvolver as tarefas relacionadas coa titulación.

O persoal de apoio é suficiente nas áreas de biblioteca e administración, porén, sería desexable incrementar nunha persoa o cadro de persoal da área de conserxería na quenda de tarde para poder ofrecer unhas condicións óptimas de apoio á docencia. Nesta quenda traballa unha única persoa para dar servizo a todas as titulacións (todas elas programan actividades docentes en horario de tarde), e a outras actividades que se desenvolven na Facultade (clases de cuarto ciclo, cursos programados pola universidade, conferencias públicas e actividades externas, etc.).

A participación do PAS nos plans de formación da USC aumentou considerablemente nos cursos anteriores, pasando dun 41,67% no curso 2016-17 ao 66,67% durante o curso 2018-19, pero non temos datos referidos ao curso actual, posiblemente polas dificultades ocasionadas pola pandemia no desenvolvemento da actividade presencial nos centros.

<b>Porcentaxe de PAS que realizou algún curso</b>						
2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
41,70%	53,80%	46,20%	41,67%	64,00%	66,67%	s.d.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes eo profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de

reunións, biblioteca, ...

- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientáno no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase erevisaseo grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

#### **Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

As infraestruturas internas son apropiadas para impartición da docencia do máster, que se desenvolve Facultade de Formación do Profesorado de Lugo. Na aula 30 de maneira ordinaria (cun mobiliario que permite diversas formas de organización da docencia), aínda que tamén nas aulas de plástica, música e laboratorio de ciencias experimentais, e con uso excepcional do salón de actos e a sala de graos. O centro ten abundantes puntos de reunión e traballo para estudantes, aula de informática, acceso a redes telemáticas e biblioteca dotada con bibliografía específica aos intereses do título como non existe noutro punto de Galicia, como os mesmos estudantes recoñecen. Por mor da pandemia este curso non puido desenvolverse a docencia nas aulas de xeito activo, e o estudantes estiveron separados conforme as normas establecidas pola USC, sendo a aula 22 no que se fixo actividade docente que treunía os requisitos sanitarios de distancia esixidos polas normas contra o COVID19 establecidas pola USC en conformidade coas autoridades sanitarias.

Como equipamento específico para o máster se conta con material de montaña que permite poñer exemplos sobre o equipamento persoal e prácticas ao aire libre (material de escalada e tendas de campaña fundamentalmente), así como ferramentas para a plantación de árbores e uso do horto de balcón que existe na Facultade.

A Facultade e o resto das instalacións que usa o máster como a Estación Científica de Seoane do Courel están adaptadas a accesibilidade universal, ben sinalizadas, e no caso da Facultade de Formación do Profesorado, cun plan de evacuación que foi xa ensaiado en varias ocasións. Ademais os estudantes deste máster reciben formación específica básica en primeiros auxilios.

O máster ten a metade das súas actividades ao aire libre en espazos exteriores á Facultade de Formación do Profesorado é precisa dun gasto importante de autobuses para o desprazamento e realización de actividades. No curso 2019-2020 se desenvolveron as actividades dun xeito normal ata o 14 de marzo de 2020 en que houbo que suspender a docencia presencial. Ata esa data, realizáronse saídas ao Parque Natural das Dunas de Corrubedo e Castro de Baroña, Cebreiro e Seoane do Courel coas rutas a Mercurín e a Devesa de Rogueira, e Mazo de Santa Comba, así como tamén se visitou na Pontenova o Taller de Construción A Casiña de Guido Alfonso Tomasini. Se estudaron diversos lugares da colonización da Terra Chá, Camiño do Miño e Penas de Rodas, A Pontenova, Pedregal de Irimia e Mondoñedo, Parque eólico de Sotavento, Rasa Cantábrica, Fornos de A Pontenova e Lago Meirama. Tamén se visitou a comarca da Fonsagrada coas rutas do Castañoso, Liñares de Bidul con visita á aldea da Fornaza, e Seimeira de Vilagocence, tramo da ruta do Gallol e visita á aldea abandonada de Romeán; Granxa Escola de Barreiros en Sarria, Ribeira Sacra e ruta dos viñedos de Belesar, e Camiño Primitivo de Santiago desde o Alto do Acebo ata Melide. Todas estas excursións puideron ser financiadas, ben

coas axudas a prácticas de campo da USC, ben co “plan de choque” do convenio que mantén a Deputación Provincial de Lugo coa USC. Nos casos de Seoane do Courel, A Fonsagrada e o Camiño Primitivo as excursións foron con pernocta de máis dun día. En Seoane do Courel os estudantes se aloxaron na propia Estación Científica. Na Fonsagrada o Concello cedeu as instalacións da antiga escola-fogar e financiou os desprazamentos internos, dentro do municipio pero no caso do Camiño Primitivo houbo que financiar a hospedaxe con fondos do “plan de choque” da Deputación.

A pandemia impediu facer tres actividades ao aire libre que estaban programadas: o ascenso ao Mustallar, a celebración do día da árbore e a expedición a Potes, actividades que viñan celebrándose en anteriores edicións.

Toda esta actividade se fai conforme coas previsións da Memoria de Renovación da Acreditación de 2016 na que o máster se comprometeu a facer a metade das súas actividades ao aire libre, que ademais destas saídas fai paseos didácticos polas contornas periurbanas, en especial polo camiños do Río Miño e Rato, no que se visitou a aldea de Bosende e o Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Terras do Miño, así como outros lugares da contorna periurbana.

Os estudantes do máster dispoñen dunha bibliografía específica e actualizada, única en Galicia sobre educación ao aire libre de ampla utilidade na súa formación.

A acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día. Nunha primeira parte se fai un acto oficial na que un dos profesores do máster imparte unha conferencia e logo todos os estudantes se reúnen co coordinador e unha parte do profesorado que quere asistir para facer as presentacións e darlles informacións sobre as características e desenvolvemento do máster. Ao longo do curso se establecen varias sesións de coordinación tanto para a preparación das actividades como para examinar a marcha do máster. Os debates e explicacións son frecuentes por esta circunstancia.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e corresponden ao nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden ao nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe son similares aos dos cursos anteriores e cumpren as condicións establecidas na Memoria do título.

Concepto	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Taxa de eficiencia	96,47	100,00	97,11	98,90	95,77
Taxa de éxito (egresados)	100,00	100,00	97,11	98,90	99,60
Taxa de abandono	-	21,43	3,70	8,33	13,33
Eficiencia dos titulados	100,00	98,96	92,83	90,91	-
Duración media dos estudos	1,31	1,00	1,30	1,11	1,38
Taxa de graduación	-	78,57	85,19	83,33	73,33
Taxa de avaliación	87,89	95,26	89,80	89,27	96,90

Os índices sitúanse con comodidade no abano establecido na Memoria de verificación e son lixeiramente superiores á media da USC, agás a taxa de graduación que resulta algo baixa. A taxa de abandono resulta estraña xa que ningún dos estudantes abandonou a titulación no curso 2019-2020, tan so podería explicarse polo retraso na realización do prácticum e da presentación do TFM por mor da pandemia.

A metodoloxía docente está exposta nas guías de cada materia e se axusta aos propósitos e metas que persigue a titulación. Porén é necesario revisar os programas para saber se responden as competencias manifestadas na memoria. O Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza e un dos máis transversais que ten o sistema universitario galego con intervención de 16 áreas de coñecemento. A propia mecánica da docencia estimula unha pedagogía activa visible na alta cantidade de ensinanza/aprendizaxe que se fai ao aire libre e os exercicios de avaliación que se asignan a esta parte da formación. Se usa unha metodoloxía que prima a aprendizaxe na acción con experiencias en contornas naturais. Os documentos docentes reflicten un grao moi alto de aprendizaxe experiencial nas actividades ao aire libre.

O situación da pandemia a partir do 14 de marzo de 2020, impediu o desenvolvemento de mecanismos de avaliación do máster que viñan sendo habituais en promocións anteriores por parte dos estudantes e asemade a avaliación dos TFM dos estudantes foi avaliada excepcionalmente polos seus titores.

A nota media de cualificación dos Traballos Fin de Máster do curso 2019-2020 foi de 7,27. Os temas desenvolvidos polos estudantes acadan unha gran variedade; rutas literarias, actividades educativas con animais, valor educativo dos bosques, escolas na natureza, valor das contornas rurais, a natureza nos centros de inserción social, os baños de bosque, a educación nas tribos indíxenas brasileiras, diferenzas entre os contextos rurais e urbanos en relación co Covid19, mulleres e natureza, a natureza e a diversidade afectivo-sexual, revisións bibliográficas e perspectivas teóricas en relación con diversos aspectos educativos no medio natural, actividades físicas na natureza, educación e uso de materiais de construción sostibles, son algúns deles.

<b>P3281V02-Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed) LISTADO de TFMs defendidos no curso 2019-2020</b>		
Título	Calificación	Tutor/a
Guía de actividades educativas con animais de Galicia	Notable (8.00)	[Lago Ballesteros, Joaquín]
Roteiro literario pola capital da Ribeira Sacra.	Sobresaliente (9.00)	[López Quintans, Javier]
Roteiro literario pola capital da Ribeira Sacra.	Sobresaliente (9.00)	[López Quintans, Javier]
Da escritura como mirada á mirada que escribe. A natureza como alento e sustento do sentido estético	Sobresaliente (10.00)	[Cidrás Robles, Salvador]
"Nenos e nenas con TEA e a súa relación co medio natural"	Sobresaliente (10.00)	[Aznar Cuadrado, Virginia]
Foliada da Terra: proxecto de dignificación da cultura tradicional galega a través da música e a súa relación coa natureza.	Sobresaliente (10.00)	[Candisano Mera, José Agustín]

Os zoolóxicos. Recursos educativos ou unicamente lúdicos?	Notable (8.00)	[Aznar Cuadrado, Virginia]
Os bosques autóctonos do camiño de Santiago francés ao seu paso por Sarria: un recurso para a programación de actividades educativas na natureza	Aprobado (6.50)	[Rodríguez Lestegás, Francisco]
O entorno natural e cultural como recurso educativo: proposta dunha nova modalidade para o Plan Proxecta vinculada á Educación Física.	Notable (7.50)	[Cons Ferreiro, Miguel]
Proposta de acción de educación ambiental orientada a abordar a problemática controversia que xera a figura do lobo na sociedade galega	Notable (8.00)	[Blanco Anaya, Paloma]
A necesidade dos acuarios para concienciar sobre a conservación das especies mariñas	Notable (8.50)	[Blanco Anaya, Paloma]
Presenza e valor de actividades na natureza en centros de reinserción social.	Notable (8.50)	[Otero Urtaza, Eugenio]
Lendas indíxenas brasileiras: educación, tradición oral e natureza	Sobresaliente (10.00)	[Otero Urtaza, Eugenio]
Estudo descritivo sobre as actitudes e empatía medioambientais dos escolares de primaria e secundaria dun centro de Ferrolterra na práctica de actividades físicas na natureza.	Aprobado (6.00)	[Navarro Patón, Rubén]
A diversidade afectivo-sexual a través da literatura na natureza.	Notable (8.00)	[López Quintans, Javier]
A diversidade afectivo-sexual a través da literatura na natureza.	Notable (8.00)	[López Quintans, Javier]
O confinamento pola Covid-19: diferenzas entre o rural e o urbano. Percepcións e aprendizaxes.	Sobresaliente (9.00)	[Cabana Iglesia, Ana]
As brigadas deseucaliptizadoras e o seu potencial sensibilizador a prol do medio ambiente	Sobresaliente (10.00)	[Cabana Iglesia, Ana]
Cofecer, amar e protexer: O papel das actividades educativas na natureza para reducir o impacto ambiental.	Sobresaliente (10.00)	[Otero Urtaza, Eugenio]
Os beneficios fisiolóxicos e psicolóxicos da inmersión na natureza e a súa aplicación na educación emocional	Matrícula de Honra (10.00)	[Otero Urtaza, Eugenio]
Hortos sociais con familias monomarentales: un proxecto educativo socio-ambiental.	Sobresaliente (9.00)	[Rodríguez Lestegás, Francisco]
Mulleres da Terra. O papel da muller no rural galego.	Notable (8.50)	[Franco Barrera, Alberto José]
Proposta de rutas educativas no medio natural para observar a fauna e flora da cidade de Shanghai	Notable (8.50)	[Cons Ferreiro, Miguel]
Revisión Bibliográfica de Actividades Educativas na Natureza a través da Expresión Corporal. fin de Máster	Notable (7.00)	[Cons Ferreiro, Miguel]
Proposta de actividades para o desenvolvemento da motricidade grosa na etapa de Educación Infantil a través do medio natural	Notable (7.00)	[Cons Ferreiro, Miguel]
Deseño dunha actividade educativa sobre o uso de materiais de construción sostibles	Notable (8.00)	[Ortiz Sanz, Juan Pedro]

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.

- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

No curso 2019-2020 houbo 25 matriculados, polo que a taxa de ocupación foi plena. Foi a promoción deste máster que máis estudantes estranxeiros tivo, e máis estudantes do resto de España, procedentes de fora de Galicia, o que supón, conforme os datos facilitados pola propia USC, o 32,35%. Porén se circunscríbese este dato so aos estudantes de novo ingreso, resulta que dos 25 novos inscritos 12 proviñan de fora de Galicia (48%) dos que 5 eran estranxeiros extracomunitarios (20%).

4312425-Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza							
Código	Concepto	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
IN01M	Prazas ofertadas	0,00	28,00	25,00	25,00	25,00	25,00
IN02M	Matriculación	14,00	36,00	31,00	38,00	22,00	34,00
IN03M	Matriculación de acceso	0,00	28,00	27,00	24,00	15,00	25,00
IN04M	Matriculación de novo ingreso por preinscripción	0,00	28,00	27,00	24,00	15,00	25,00
IN05M	Variación da matriculación de novo ingreso por preinscripción (%)	-100,00	-	-3,57	-11,11	-37,50	66,67
IN06M	Nota media de acceso por preinscripción	-	7,89	7,60	7,56	7,79	7,61
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%)	-	100,00	96,30	100,00	100,00	100,00
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	0,00	0,00	0,00	5,26	4,55	8,82
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	7,14	5,56	19,35	15,79	4,55	23,53
IN12M	Taxa de ocupación (%)	-	100,00	108,00	96,00	60,00	100,00
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	-	80,56	54,84	65,79	86,36	61,76

A satisfacción global dos estudantes coa docencia recibida está lixeiramente por enriba da media da USC (4,33 con respecto a 4,18 no primeiro semestre, en escala Likert), e so é lixeiramente máis baixa na resolución de dúbidas e a actitude receptiva do profesorado. No segundo semestre baixa notablemente a 3,5, pero non consta comparativa, é de supoñer que a irrupción da pandemia distorsionou notablemente os datos xerais da USC. Os items que reflicten unha maior satisfacción refírense ao desenvolvemento dos obxectivos conforme o cronograma das materias e a axuda recibida nas titorías, variables que xa destacaron no curso anterior. No primeiro cuadrimestre o item máis baixo acadou unha puntuación de 4,21, e esta referido a motivación do docente para unha participación activa na clase. As puntuacións baixan notablemente no segundo semestre onde incluso un dos items e particularmente baixo, o referido a se o docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.) que recibiu unha puntuación de 1,86, o que indica o efecto da pandemia na relación cos estudantes. O valor medio de ambos semestres está en 3,91, o que, dadas as circunstancias, a interrupción da docencia presencial e a necesidade de resolver o prácticum cun proxecto dixital, parece máis que suficientemente ben valorado. Pero sen dúbida, no contraste entre o primeiro e segundo semestre, da como resultado a importancia da presencialidade e dunha aprendizaxe activa, en relación cunha relación virtual mediante procedementos telemáticos.

Tamén salientar que o profesorado tivo que facer de xeito acelerado unha formación adicional en ferramentas de comunicación telemáticas para organizar videoconferencias e reunións, o que nunha primeira fase tivo moitos problemas pola falta de hábitos.

A enquisa de satisfacción de egresados 2019-2020, é pouco concluínte e nada significativa pois so ten unha resposta, e non parece adecuado recoller os seus resultados para este análise.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida sigue sendo moi alto, 4,29. Lixeiramente inferior ao do curso anterior 4,33, pero non temos datos medios do resultado neste ámbito da USC. O punto máis alto da auto estima do profesorado está na súa accesibilidade, corrección e trato co alumnado (5,00), e pola contra os elementos menos puntuados, aínda que a puntuación sexa positiva, refírese aos problemas provocados pola pandemia (ferramentas, instrumentos e canais postos á disposición para desenvolver a docencia, 3,46; experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto 4,00; satisfacción co desenvolvemento da docencia on presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria, 3,23; desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria, 3,17). Estas variables, relativamente baixas, amosan que a docencia dixital e a distancia, por mor da pandemia, non son máis que unha solución a unha excepcionalidade. A avaliación non presencial é a variable con puntuación menor de toda a táboa.

A satisfacción do profesorado co título e tamén alta (3,91). Especialmente destacan, como xa comentamos, os items en relación coa atención prestada ao máster polo persoal de administración e servizos, a regularidade con que acode o estudiantado a clase, e o calendario de probas e a información sobre o título. Dentro de que a avaliación é boa, os items máis baixos refírense á coordinación docente, o equilibrio entre estudos teóricos e prácticos e a organización xeral da titulación (3,57). Os estudantes estiman o título cunha puntaxe global exactamente igual (3,91) aínda que os resultados dan puntuacións máis extremas: catro dos items a teñen puntuación máxima de (5): o campus virtual, os horarios, o calendario de probas de avaliación, e a oferta de prácticas. A puntuación máis baixa (3) se refire aos trámites de matriculación, a atención prestada polo persoal de administración e servizos, a orientación profesional e laboral recibida, a xestión e oferta do TFM.

De todas estas cuestións, a orientación profesional e laboral debe ser abordada de inmediato e xa foi apuntada polo Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación; e posiblemente o a xestión do TFM veuse alterada pola pandemia. A información deste curso non contempla a posibilidade de facer comparacións cunha media da USC. Porén as condicións especiais que tivo o segundo semestre poden plasmarse nas respostas e non sexan extensibles a unhas condicións normais.

Na enquisa aos egresados so aparece un protocolo respondido, polo que a mostra é pouco significativa, aínda que fiable. Case todos os datos que proporciona o suxeito están por enriba das medias da USC. Unha persoa que atopou traballo por conta allea, non relacionado cos estudos cursados. Porén esa persoa considera que os seus estudos de máster lle resultan moi útiles para o mercado laboral (5, fronte a media da USC en 3,57). E tamén estima que a súa formación recibida é boa, e está por encima da media da USC:

Valora os seguintes aspectos da formación recibida.	Curso 19/20	
	Media título	Media USC
Formación teórica	4,00	3,59
Formación práctica	4,00	2,94
Docentes	4,00	3,39
Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)		

Os outros indicadores en referencia aos egresados son tamén moi positivos e superiores a media da USC coa excepción da “capacidade de planificación, coordinación e organización”. Destacando especialmente o punto referido a creatividade. Na satisfacción global a estudante puntúa o máster con 5, sendo a media da USC 3,57.

En que medida a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación?	Curso 19/20	
	Media título	Media USC
Capacidade de análise	4,00	3,64
Traballo en equipo	4,00	3,38
Capacidade de planificación, coordinación e organización	3,00	3,59
Creatividade	5,00	3,02
Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)		

A universidade non está ofrecendo datos sobre a satisfacción dos titores de prácticas externas e se descoñece nestes momentos outros datos sobre o seu nivel de satisfacción máis que os contactos que o coordinador do prácticum mantén con eles, existindo unha relación positiva e ausencia de queixas. En xeral é un punto no que debería existir un mecanismo que puidera dar mellores resultados, xa que por mor da protección de datos moitos titores de prácticas externos non queren dar o seu email e outros non responden. En todo caso non procede facer outras valoracións para o curso 2019-2020 xa que ao ser o procedemento de realización do prácticum completamente virtual, é unha situación excepcional que posiblemente non se repita no futuro.

O camiño aberto a estudantes estranxeiros nos anos anteriores, fixo que este curso houbera tres estudantes iberoamericanas de Arxentina, Brasil e Chile e dúas procedentes da República Popular de China.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste curso non se ofreceron datos de inserción laboral relacionados co título, agás a enquisa de resposta unipersoal xa comentada. Porén, conforme a información de anos anteriores o 70% dos egresados acadan traballo nun prazo razoable, cun prazo de 7,8 meses para o seu primeiro traballo, e nunha actividade relacionada co máster nun prazo de 11,25 meses. É posible que a variación non sexa grande sobre estes datos.

Salientar que a obtención do título é un mérito nas oposicións a mestre/a, e que todos os estudantes que aproban a oposición de mestre, tendo este máster, compoñen unha parte importante dos egresados que teñen traballo.



4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Archivo título
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Autoinforme, Criterio 1.3
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4312425_P.Ind_2019-2020
			4312425_INF.16_2019-2020
			4312425_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4312425_I2_2019-2020
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4312425_P.Ind_2019-2020
			5017_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>

3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4312425_P.Ind_2019-2020
			4312425_INF.04_2019-2020
			5017_INF.05_2019-2020
			4312425_INF.06_2019-2020
			4312425_INF.07_2019-2020
			4312425_INF.08_2019-2020
			4312425_INF.09_2019-2020
			5017_INF.10_2019-2020
			5017_INF.11_2019-2020
			4312425_INF.13_2019-2020
			4312425_INF.14_2019-2020
			5017_INF.21_2019-2020
			4312425_INF.22_2019-2020
			4312425_INF.23_2019-2020
4312425_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4312425_P.Ind_2019-2020
			4312425_Informe_de_indicadores_2019-2020
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4312425_E15_2019-2020

4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5017_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5017_I6-17_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5017_I6-17_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4312425_INF.13_2019-2020
			4312425_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5017_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="#">Web do Centro</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Autoinforme. Criterio 1.3
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Autoinforme. Criterio 6.1
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4312425_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación)	4312425_P.Ind_2019-2020
			4312425_INF.17_2019-2020

		facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4312425_INF.18_2019-2020 4312425_INF.19_2019-2020 4312425_INF_SIIU_2019-2020 4312425_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4312425_P.Ind_2019-2020 4312425_INF.CiUG_2019-2020 4312425_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	114	Resultados de inserción laboral	4312425_EIL-SIIU_2019-2020 4312425_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	115	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	4312425_P.Ind_2019-2020 4312425_Informe_de_indicadores_2019-2020 4312425_MedUSC_2019-2020